



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

30 OCT. 2024 16:49:04

Entrada **46635**

Sobre a exclusión da CIG no Congreso Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo a celebrar na Coruña

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de que o Ministerio de Traballo inclúa a central sindical galega CIG nas mesas e actos do Congreso Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo a celebrar na Coruña os días 6 e 7 de novembro.**

Os vindeiros días 6 e 7 de novembro terá lugar na Coruña o Congreso Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, enmarcado no primeiro Plan de Acción da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027 que promove o Ministerio de Traballo.

No programa do encontro figura unha mesa con interlocutores sociais: “O diálogo social e a participación institucional: falamos de cuestións clave con axentes sociais”, en que participan os sindicatos estatais CC.OO e UGT. Sorprendentemente, a central maioritaria na Galiza, a CIG, non está convidada a participar nesa mesa.

Cabe lembrar que a Confederación Intersindical Galega é a organización sindical maioritaria na Galiza que en base á Lei Orgánica de Liberdade Sindical conta coa condición de ‘máis representativa’. Por iso, resulta inexplicábel a exclusión da CIG desta mesa e que non se contase coa central sindical galega para participar nestas Xornadas que decorren en territorio galego.





Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Por que non convidou a Confederación Intersindical Galega (CIG) a participar nas mesas e actos do Congreso Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo que decorrerá na Coruña os vindeiros 6 e 7 de novembro?
2. Considera lexítimo e razoábel a exclusión da organización sindical maioritaria na Galiza, que ten a condición legal de máis representativa conforme á Lei Orgánica de Liberdade Sindical, da mesa: “O diálogo social e a participación institucional: falamos de cuestións clave con axentes sociais”, en que participan os sindicatos estatais CC.OO e UGT?
3. Vai o Ministerio de Traballo a rectificar esta exclusión e realizar as xestións pertinentes para que a CIG participe nas mesas e actos deste Congreso?

Madrid, a 30 de outubro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la necesidad de que el Ministerio de Trabajo incluya a la central sindical gallega CIG en las mesas y actos del Congreso Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo que se celebra en A Coruña los días 6 y 7 de noviembre.**

Los próximos días 6 y 7 de noviembre tendrá lugar en A Coruña el Congreso Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo, enmarcado en el primer Plan de Acción de la Estrategia Española de Seguridad y Salud en el Trabajo 2023-2027 que promueve el Ministerio de Trabajo.

En el programa del encuentro figura una mesa con interlocutores sociales: “El diálogo social y la participación institucional: hablamos de cuestiones clave con agentes sociales”, en que participan los sindicatos estatales CC.OO y UGT. Sorprendentemente, la central mayoritaria en Galiza, la CIG, no está invitada a participar en esa mesa.

Cabe recordar que la Confederación Intersindical Gallega es la organización sindical mayoritaria en Galiza que en base a la Ley Orgánica de Libertad Sindical cuenta con la condición de ‘más representativa’. Por eso, resulta inexplicable a exclusión de la CIG de esta mesa y que no se contase con la central sindical gallega para participar en estas Jornadas que se celebran en territorio gallego.



Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Por qué no ha invitado a la Confederación Intersindical Gallega (CIG) a participar en las mesas y actos del Congreso Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo que se celebra en A Coruña los próximos 6 y 7 de noviembre?
2. ¿Considera legítimo y razonable la exclusión de la organización sindical mayoritaria en Galiza, que tiene la condición legal de más representativa conforme a la Ley Orgánica de Libertad Sindical, de la mesa: “El diálogo social y la participación institucional: hablamos de cuestiones clave con agentes sociales”, en que participan los sindicatos estatales CC.OO y UGT?
3. Rectificará el Ministerio de Trabajo esta exclusión y realizará las gestiones pertinentes para que la CIG participe en las mesas y actos de este Congreso?

Madrid, a 30 de octubre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso